

“REENCONTRO NO CEO DOS GALEGOS”

Creo que no pasado mes de xuño, produciuse un novo encontro entre dúas almas xemelgas: o poeta de Paradela, Manuel Rodríguez López e o seu biógrafo, Manuel Blanco Castro, que finou o dezaioito de xuño, ós 79 anos na cidade de Barcelona (D.E.P.).

Xunguidos desde rapaces, polos valores do humanismo, foron e son exemplo de compromiso vital na amizade, no amor ás súas raíces galegas, con plena dedicación ós demais, en especial, como “avivecedores” da conciencia colectiva da nosa Terra Galega.

Estou ben seguro que nese ceo especial de ilustres persoeiros galegos, eles seguirán a xermolar unha actividade de compromiso, cariño, amizade... para que todos aqueles que seguindo no camiño da vida cara esa emigración eterna, poidamos manernos unidos na súa lembranza ó traveso da súa obra e, sobre todo, con este Certame Literario que, ano a ano, nos une dun xeito real.

O biógrafo, Manuel Blanco Castro , soubo achegarnos a traveso da “Vida e Obra de Manuel Rodríguez López” moito máis ó noso poeta. Como o propio autor di: “vai nelo toda a miña alma”. A boa fe que é certo, pois o libro ten un nexo común de profunda e brillante ilustración, sen deixar anaco por destacar de tan singular persoeiro. Grazas pois a Manolo Blanco polo seu traballo que, unha vez máis, acredita a súa bondade e xenerosidade.

Quédame dar a noraboa ós gañadores deste ano, que tiveron que competir duramente ó se presentar máis de cento cincuenta traballos. Para eles o desexo de que sigan sendo seiva viva da cultura e , para nós, o compromiso de continuar desde este Certame a cumprir o desexo do noso poeta, Manuel Rodríguez López ,que non era outro que non fose traballar en exclusiva pola cultura galega.

Outono, 2006

Xosé Manuel Mato